

CANINO

Yorgos Lanthimos, 2009

1233

ESTREA EN NUMAX: 01.02.2024 | V.O.S.E. | +18 | 94 min

Un matrimonio con tres fillos vive nunha mansión nas aforas dunha cidade. Os rapaces, que nunca saíron de casa, son educados segundo os métodos que seus pais xulgan máis atinados e sen recibiren ningunha influencia do exterior. Cren que os avións son xoguete ou que o mar é un tipo de cadeira forrada de coiro. A única persoa que pode entrar na casa é Christine, garda de seguridade na fábrica do pai.

«Tan debedora de Buñuel como de Pasolini. Premeditadamente excéntrica, morde onde máis doe»

Sergi Sánchez, LA RAZÓN



Unha orixinal fábula sobre o illamento

Por Jesús León

Non é o cinema grego precisamente moi pródigo en títulos que traspasen fronteiras, polo menos na actualidade. Pero se hai algún que o conseguiu e con iso, converteuse nunha película encomiada, aplaudida e que non deixa indiferente a ninguén, esa é *Canino* de Yorgos Lanthimos. Que tras percorrer varios festivais con notable éxito (Cannes, Sitges,...) e levar algúns galardóns, chegou ás carteleiras españolas en 2009 convertida nunha aposta orixinal, visualmente impactante, dura pero estimulante e repleta de interrogantes que o espectador levará consigo tras a proxección.

Non se trata dunha película fácil. Desas nas que un se deixa levar con relaxación. Non o pretende. *Canino* trasládanos a un submundo, a un universo illado, ao seo dunha familia de clase media con tres fillos que viven afastados do mundo exterior e as súas influencias. Dúas fillas e un fillo que abandonan a adolescencia e están en plena madurez física, pero moi afastadas do habitual en persoas que viven nunha contorna influente. Surrealista, orixinal e divertid, aquí os tres viven baixo a tiranía dun pai, que coa complicidade da nai, failles ver a vida e entender a existencia de maneira tan aséptica, como cruel e turbadora.

O seu único vínculo co mundo extramuros, máis aló do valo do xardín da casa, é unha empregada de seguridade que traballa na empresa do pai e que presta os seus servizos sexuais para satisfacer a demanda do fillo. Pero claro, o que se antolla como un contacto controlado, convértese na vía de entrada dun virus que infecta as súas moldeadas mentes en forma de película en cinta de vídeo VHS (*Rocky* para máis señas), que desatará unha resolución previsible pero non por iso menos orixinal. Un desenlace turbador, aberto e que nos deixa moitas cuestións sobre a historia. Asistimos ao día a día dos tres fillos nos que o exercicio físico, as relacións incestuosas case “caninas”, ver vídeos caseiros en familia ou o amor fraternal son consignas dunha suposta pureza inculcada polo pai. Unha educación aséptica, pero adulterada ata o engano máis absoluto, que provoca que os tres fillos vivan sumidos nun mundo surrealista e absurdo.

Unha alegoría que fai pensar. Unha alegoría dirixida con xeito e desenvoltura por Yorgos Lanthimos, na que se poden apreciar ecos de Buñuel pero tamén de Lynch ou de Haneke. Imaxes sobrecolledoras, escenas de violencia e sexo explícitas, rodadas con enorme simpleza que desgarran. Algunhas escenas xogan co surrealismo máis recalcitrante (o número musical resulta sorprendente), pero dan lugar a momentos sublimes que remarcan a súa dimensión alegórica, de fábula arriscada, pero orixinal para unha historia que, a pesar de conter ese ton sureal, ben podemos atopar nas noticias de calquera xornal en calquera recuncho do mundo.

Yorgos atina en dotar o filme dun ton de enorme sinxeleza, cunha posta en escena simple pero contundente. Planos fixos, ausencia de banda sonora, deixando que os capítulos cotiáns desta peculiar familia nos arrastren, abordando temas como a comunicación, a familia, a inocencia, a educación e a degradación que sobrevoan durante toda a metraje. En conclusión, *Canino* (título sobresaliente e acertado) resulta unha aposta orixinal, xogando co surrealismo sen esquivar a dureza, pero o resultado é divertido, fresco e repleto de sorpresas. Altamente recomendable para espectadores que gusten do pouco convencional.